

RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquesta (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome: _____

DNI/NIE: _____

Enderezo: _____ Localidade _____

Provincia: _____ Teléfono: _____

Enderezo de correo electrónico: _____

Expoño:

Que alego os méritos que relaciona a continuación e que xustifica documentalmente **para o obxecto de que lle sexan valorados** no procedemento reseñado no encabezado para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia:

CORPO	ESPECIALIDADE	CÓDIGO*
593-Catedráticos de música e artes escénicas		

* Figura ao lado do nome da especialidade.

1. Traballo desenvolvido (máximo 5,5000 puntos)

1.1. Antigüidade (máximo 4,0000 puntos)

Documentación xustificativa:Folla de servizos.

Denominación	Documento xustificativo

1.2. Desempeño de funcións específicas (máximo 2,500 puntos)

Documentación xustificativa: Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou fotocopia compulsada do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa desempeñando o cargo ou función docente, ou fotocopia compulsada dos nomeamentos indicando toma de posesión e cesamento ou, se é o caso, a continuidade no cargo.

1.2.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes.

Denominación	Documento xustificativo

1.2.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos ou secretario/a.

Denominación	Documento xustificativo

1.2.3. Por cada ano como coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de grao elemental, coordinador/a das tecnoloxías da información e a comunicación, xefe/a de seminario ou departamento, en centros públicos docentes.

Denominación	Documento xustificativo

1.2.4. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior.

Documentación xustificativa: Nomeamento ou certificación da Administración correspondente.

Denominación	Documento xustificativo

2. Cursos de formación e perfeccionamento (máximo 3,0000 puntos)

2.1. Por cursos de formación superados que teñan por obxecto a formación e o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos ou relacionados coa organización escolar, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, as administracións educativas das comunidades autónomas ou por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do certificación destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade.

No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Denominación	Documento xustificativo

--	--

2.2. Pola impartición dos cursos de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 2.1.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada da certificación ou documento acreditativo da impartición da actividade, en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. Certificación deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Denominación	Documento xustificativo

3. Méritos académicos e outros méritos (máximo 3,0000 puntos)

3.1. Méritos académicos (máximo 1,5000 puntos)

a) Por posuír o título de doutoramento.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título.

Denominación	Documento xustificativo

b) Por posuír o título de máster universitario oficial ou máster en ensinanzas artísticas oficial para o cal se exixen ao menos 60 créditos. En ningún caso será valorado o título de máster empregado para a obtención do título de doutoramento.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título.

Denominación	Documento xustificativo

c) Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado diploma de estudos avanzados. Só se valorará unha das dúas condicións. En ningún caso será valorada a condición que fose acreditada para a obtención do título de doutoramento.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do certificado diploma correspondente.

Denominación	Documento xustificativo

d) Por premio extraordinario no doutoramento, máster, licenciatura, grao ou equivalente e premio de honra nas ensinanzas artísticas superiores.

Documentación xustificativa:Fotocopia compulsada da documentación xustificativa.

e) Pola mención honorífica en grao superior no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música.

Documentación xustificativa:Fotocopia compulsada da documentación xustificativa.

Denominación	Documento xustificativo

f) Pola obtención dun grao, título superior de ensinanzas artísticas ou equivalente ao nivel 2 do MECES, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade.

Documentación xustificativa:Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).

Denominación	Documento xustificativo

g) Por estar en posesión dunha licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou títulos declarados equivalentes a estes, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade desde a que se opta.

Documentación xustificativa:Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).

Denominación	Documento xustificativo

h) Por estar en posesión dunha diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados equivalentes.

Documentación xustificativa:Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).

Non se valorarán por esta epígrafe os primeiros ciclos que permiten a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.

Denominación	Documento xustificativo

i) Por estar en posesión dun título de profesor do Plan de estudos do Real decreto 2618/1966, ou dun título profesional de música do Plan LOXSE ou LOE distinto do necesario para a obtención do título superior de música alegado para ingreso na especialidade desde a que se opta.

Non se valorarán por esta epígrafe os títulos que permiten a obtención doutras titulacións superiores que se aleguen como méritos

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título.

Denominación	Documento xustificativo

j) Pola acreditación do dominio dunha lingua estranxeira correspondente ao nivel B2, C1 e C2 del Marco común europeo de referencia.

Documentación xustificativa: Fotocopia compulsada do título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes á súa obtención.

Deberá presentarse certificación académica en que conste de forma expresa que se superaron todas las materias ou créditos conducentes á obtención dos devanditos títulos.

Denominación	Documento xustificativo

3.2. Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos (máximo 1,5000)

a) Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exixencias que así se indican.

Documentación xustificativa:

– No caso de libros, a seguinte documentación:

* Os exemplares correspondentes ou copias simples.

* Certificación da editorial onde conste título do libro, autores/as, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, na certificación debe constar o título do libro, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).

Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos nesta certificación deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

– No caso de revistas, a seguinte documentación:

* Os exemplares correspondentes ou copias simples.

* Certificación en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autores/as, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, na certificación debe constar o título da revista, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). No caso de

publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentárase un informe no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, o ano e a URL. Ademais, presentárase un exemplar impreso.

Denominación	Documento xustificativo

b) Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.

Documentación xustificativa: A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes.

Denominación	Documento xustificativo

c) Por ter participado en proxectos de investigación ou innovación convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.

Documentación xustificativa: Certificación expedida polas entidades convocantes.

Denominación	Documento xustificativo

d) Pola participación como docente en programas de mobilidade na Unión Europea.

Documentación xustificativa: Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.

Denominación	Documento xustificativo

e) Pola participación como membro de comités científicos en congresos, xornadas ou similares.

Documentación xustificativa: Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.

Denominación	Documento xustificativo

f) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de teses de doutoramento, sempre que a dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.

Documentación xustificativa: Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.

Denominación	Documento xustificativo

g) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de traballos fin de máster, sempre que a dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.

Documentación xustificativa: Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.

Denominación	Documento xustificativo

h) Por premios artísticos, de investigación ou docentes de recoñecido prestixio en concursos ou certames de ámbitos autonómico, nacional ou internacional.

Documentación xustificativa: Certificación da entidade que emite o premio, onde conste o nome do/s premiado/s, o seu ámbito e a categoría do premio.

Denominación	Documento xustificativo

i) Por concertos como solista musical na especialidade a que se opta.

Documentación xustificativa: Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos en que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

Denominación	Documento xustificativo

j) Por concertos como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.

Documentación xustificativa: Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos en que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

Denominación	Documento xustificativo

--	--

k) Por instrumentista ou intérprete de orquestras, coros ou bandas profesionais na especialidade a que se opta.

Documentación xustificativa: Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade responsable. Nos supostos en que a entidade responsable desaparecese, esta condición poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

No suposto de instrumentistas que teñan un contrato estable cunha orquestra profesional, a cuantificación desta subepígrafe farase por anos completos, cunha puntuación de 0,3 puntos por ano.

Denominación	Documento xustificativo

l) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.

Documentación xustificativa: Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aqueles en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Denominación	Documento xustificativo

Documentación xustificativa:

m) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para a orquestra, con ou sen solistas.

Documentación xustificativa: Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Denominación	Documento xustificativo

n) Por cada composición musical orixinal, conxunta e editada.

Documentación xustificativa: Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Denominación	Documento xustificativo

o) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.

Documentación xustificativa: Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Denominación	Documento xustificativo

p) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas.

Documentación xustificativa: Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.

Denominación	Documento xustificativo

q) Por cada gravación como solista musical, na especialidade a que se opta (director/a musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por gravación.

Documentación xustificativa: Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

Denominación	Documento xustificativo

r) Por cada gravación como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.

Documentación xustificativa: Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

Denominación	Documento xustificativo

s) Por cada gravación como instrumentista de orquestras, coros ou bandas profesionais, na especialidade a que se opta.

Documentación xustificativa: Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.

Denominación	Documento xustificativo

t) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito internacional.

Documentación xustificativa: Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.

Denominación	Documento xustificativo



--	--

u) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito nacional ou autonómico.

Documentación xustificativa: Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.

Denominación	Documento xustificativo